

NORMATIVA XERAL DE WÁTER-POLO

Tempada 2009 - 2010 - Circular 09-32

A seguinte normativa será de aplicación para todas as competicións territoriais

1.- Participación

1.1.- A participación está aberta a todos os clubs inscritos á FEGAN.

1.2.- Os clubs están obrigados a comunicar á FEGAN 15 días antes da celebración da Asemblea Xeral para configurar un calendario deportivo de wáter-polo o máis aproximado á realidade o seguinte:

- Con cantos equipos e en que competicións ten previsto participar.
- Se está de acordo en agrupar nunha mesma xornada as distintas categorías e de que xeito. Recórdase que este punto só se fará efectivo a condición de que estean os dous clubs afectados de acordo.

1.3.- Os clubs que non se inscriban nos prazos establecidos quedarán automaticamente excluídos.

2.- Aliñacións

2.1.- Os clubs facilitarán á mesa o ANEXO 1 debidamente cumprimentado, co número de gorro xunto co carné dos deportistas que vaian disputar o encontro.

2.2.- Nas actas, e a continuación do nome e apelido (poderá ser INICIAL DO NOME), deberá figurar o ano de nacemento e número de licenza da presente tempada.

2.3.- Os clubs en ningún caso poderán aliñar a un xogador, adestrador ou delegado que se atope cumprindo sanción.

2.4.- A aliñación indebida, será sancionada coa perda do encontro por 10-0, dedución de tres puntos na clasificación e multa de 40 €, sendo esta multa dobrada progresivamente (80 € na segunda infracción a esta norma; 160 € na terceira, etc.) (Regulamento Xeral - Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c). Considérase aliñación indebida:

- Presentar xogadores con idade falsa.
- Presentar xogadores de categoría diferente á establecida.
- Presentar xogadores sancionados.
- Presentar adestradores sancionados.
- Falsear o número de xogadores en idade prevista para cada categoría.
- Delegado non asumible (menor, participante no encontro, etc.).

2.5.- Para considerar correcta a aliñación dun equipo deberán estar presentes un mínimo de sete xogadores para o inicio do encontro.

2.6.- Se se apreciase polo Secretario de Mesa algunha anomalía co carné federativo porao inmediatamente en coñecemento dos árbitros chegando até a prohibir a participación do xogador. Devandita irregularidade podería ser; manipulación do carné, texto ou selo con riscos (borróns) ou ilexible, non existir similitude entre a foto e o xogador.

2.7.- Calquera incidencia observada polos equipos deberá ser comunicada aos árbitros do encontro para poder apuntala na acta e efectuar as comprobacións pertinentes, podendo o equipo afectado facer a reclamación ou alegación á incidencia até as 14.00 horas do martes inmediato á data de celebración do encontro, a efectos da súa consideración polo Comité de Competición.

2.8.- Non haberá lugar a reclamacións en caso de non facelo nos prazos fixados.

2.9.- A presentación dos equipos antes do comezo de cada partido será competencia do equipo organizador ou do equipo que figure como local.

3. – NON PRESENTACIÓN

3.1.- A non presentación dun equipo (ou presentación dos seus xogadores sen gorros, balóns ou outros que non permitan a celebración do encontro), levará consigo a perda do mesmo por 10-0, dedución de TRES puntos na clasificación, o abono total do xurado e multa de 60 €, sendo esta multa dobrada progresivamente (120 € na segunda infracción a esta norma, 240 € na terceira, etc.) (Regulamento Xeral - Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c). Así mesmo farase cargo dos posibles gastos de desprazamento realizados polo outro equipo.

3.2.- Só se admitirá a non presentación dun equipo por causa maior (accidente ou avaría durante o desprazamento por parte do medio de transporte, ou situación que orixine o desprazamento do medio de transporte do equipo a un centro sanitario.)

3.3.- Todos os clubs están obrigados a facilitar á FEGAN un número de teléfono onde avisar no caso de que sucedan situacións como as contempladas no punto 3.2 desta normativa. A FEGAN porá en coñecemento de todos os clubs devanditos teléfonos de contacto.

4.- RETIRADAS

4.1.- A retirada dun equipo unha vez iniciada a competición será sancionada con 120 € (Regulamento Xeral - Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c), dando lugar á non participación deste na tempada seguinte.

4.2.- Se a retirada se producise durante o transcurso dun encontro, darase por finalizado o mesmo co tinteio que figurase no marcador se é favorable ao adversario, (se fose favorable ao equipo que abandona, este será sancionado coa perda do encontro con 10 goles en contra), sempre con dedución de TRES puntos na clasificación ou perda da eliminatoria se o torneo se dispútase por ese sistema, sendo sancionados o Delegado e Adestrador por 4 partidos e multa ao club de 60 €, debendo abonar o importe total do xurado, independentemente das sancións a que haxa lugar individualmente se se produciron incidentes.

5.- Licenzas de Wáter-polo

5.1.- As licenzas dos xogadores, adestradores e delegados acompañadas das fichas en caso de menores sen DNI, deberán ser presentadas na FEGAN como mínimo 8 días naturais antes do comezo da competición de cada categoría. Os xogadores que sexan presentados con posterioridade, non poderán xogar até que non aparezan na relación oficial de xogadores.

5.2.- As relacións oficiais de xogadores presentaranse por categorías de idades na FEGAN, e esta deberá acreditarlas para a súa presentación aos árbitros en cada encontro. (Este trámite realizarase a través do programa de licenzas da FEGAN).

5.3.- A non presentación da licenza ou relación oficial da FEGAN será sancionada con multa de 6 € por cada un dos xogadores aliñados con esta incidencia.

5.4.- Se se presenta no partido "Licenza en trámite" sen o permiso ou autorización da FEGAN será aliñación indebida.

5.5.- En partidos de categorías infantil e alevín poderán participar deportistas con licenzas de calquera modalidade da FEGAN (natación, sincro ou wáter-polo).

5.6.- As rapazas poderán xogar en calquera competición masculina sempre que non haxa a mesma competición en categoría feminina e respectando as idades.

6.- Adestradores

6.1.- As licenzas de adestradores deberán ser presentadas no mesmo prazo que as dos xogadores, nunha relación aparte.

6.2.- No banco, ademais dos xogadores aliñados no acta, só poderán permanecer o delegado, adestrador, segundo adestrador, médico, ATS e un fisioterapeuta, se os houberse sempre debidamente acreditados, asumindo cada un exclusivamente as súas funcións e sempre que como máximo haxa 10 persoas.

6.3.- Todos os clubs participantes en competicións de wáter-polo da FEGAN deberán ter obrigatoriamente a un adestrador con licenza en vigor segundo as titulacións relativas ás distintas categorías.

7.- CALENDARIOS

7.1.- O club que solicite un **aprazamento**, xunto coa solicitude, cuxo modelo se achega, deberá comunicar á Federación DATA, INSTALACIÓN e HORA DE CELEBRACIÓN do encontro que se pretende aprazar. Esta solicitude deberá presentarse na Secretaría da FEGAN con **15 días naturais de antelación** á data que figura no calendario oficial. As solicitudes de aprazamento deberán ser remitidas utilizando un medio fidedigno á FEGAN, con copia ao equipo contrario, por Directivo con licenza federativa que se responsabilice. A FEGAN comunicará o aprazamento a ambos os clubs no prazo de 3 días logo de recibir a solicitude.

7.2.- Por causa maior os clubs poderán aprazar partidos fora do prazo establecido (a menos dos 15 días naturais) pero será condición indispensable para o seu aprazamento presentar á FEGAN un certificado asinado por persoal directamente implicado na suspensión do encontro (responsable da instalación) que avale a suspensión do mesmo, reservándose a FEGAN o dereito de admitir ou non o cambio.

7.3.- Os partidos afectados por aprazamentos obrigatoriamente terán que celebrarse nos 15 días seguintes á data inicialmente prevista.

7.4.- Na situación de final de tempada e por motivo dos cruces "play-off" cando os houberse haberá flexibilidade na norma.

8.- DELEGADOS

8.1.- Será imprescindible que o Delegado de Equipo (maior de idade) presente a licenza correspondente.

8.2.- O clubs deberán designar Delegado de Campo (maior de idade) cando lles corresponda, significando que o labor do mesmo limitase á súa colaboración co xurado nos puntos específicos que se recollen na presente normativa.

8.3.- O Delegado de Equipo advertirá á mesa quen sinalará os tempos mortos en ausencia do adestrador (poderá ser segundo adestrador, un delegado ou capitán do equipo), antes do comezo do partido.

8.4.- A ausencia do Delegado de Campo será sancionada con 20 € (Regulamento Xeral - Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c), sendo suficiente a súa acreditación co DNI e o nomeamento do seu club. Será necesaria para a celebración do partido a presenza dunha persoa física que actúe como delegado de campo e, en caso de non habela, o equipo infractor cargará con todos os gastos (multa, arbitaxes do encontro, así como gastos de instalación se os houberse).

9.- Sistemas de puntuación e clasificación

9.1.- A puntuación por partido na liga será.

- 3 puntos para o equipo gañador.
- 1 punto para cada equipo, en caso de empate.
- 0 puntos para o equipo perdedor.

9.2.- Nas competicións oficiais determinarase o equipo campión, de acordo coas normativas que se publiquen en cada tempada deportiva.

9.3.- En caso de empate dous equipos en número de puntos, nunha competición oficial a dobre volta, a clasificación farase segundo a seguinte orde prioritaria:

- O mellor clasificado será o equipo que sume máis puntos nos encontros entre ambos.
- O mellor clasificado será o equipo que teña unha maior diferenza de goles entre ambos.
- O mellor clasificado será o equipo que teña maior diferenza de goles no cómputo xeral
- O mellor clasificado será o equipo que marque maior número de goles.
- En caso de persistir o empate, e só no caso de que sexa necesario para a clasificación para unha competición posterior, realizarase un novo partido de desempate con prorroga e en caso de persistir o empate recorrerase á morte súbita.

9.4.- En caso de empate, en número de puntos, entre máis de dous equipos, en competicións a dobre volta, farase a clasificación segundo a seguinte orde correlativa:

- O mellor clasificado será o equipo que sume máis puntos nos encontros disputados entre eles.
- O mellor clasificado será o equipo que teña maior diferenza de goles no cómputo xeral de goles.
- O mellor clasificado será o que marque maior número de goles.
- En caso de persistir o empate lanzaríanse penaltis até desfacer o empate

9.5.- Play-Offs

Os que se disputen a dobre partido seguirán as normas do punto anterior.

Nos que se disputen ao mellor de 3 partidos non caberá a posibilidade de empate en ningún deles.

9.6.- Se unha vez finalizado o tempo regulamentario de xogo dun partido, e fóra necesario segundo as normas de cada competición, tras 5 minutos de descanso, xogarase un tempo de prórroga, que constará de dous períodos de 3 minutos de xogo real cada un, con dous minutos de descanso entre período, para que os equipos efectúen o cambio de campo. Finalizados os dous períodos da prórroga en caso de persistir o empate, logo de 1 minuto de descanso, lanzarase unha quenda de lanzamentos desde o punto de penalti, 5 cada equipo, caso de terminar en empate seguiranse lanzado de un en un até que se desfaga o empate.

10.- Condicións técnicas

10.1.- Nos encontros de Liga Territorial a duración do xogo será de catro períodos cuxa duración se determinará na normativa particular de cada competición con intervalos de dous minutos entre o primeiro e o segundo período e entre o terceiro e o cuarto e cinco minutos entre o segundo e o terceiro. Para as categorías cadete, infantil e alevín, os intervalos entre todos os cuartos será de 2 minutos. Os equipos disporán de tres tempos mortos. A súa petición e duración será de acordo coa regulamentación da RFEN.

10.2.- Recórdase que ao primeiro adestrador do equipo atacante permíteselle moverse en calquera momento até a liña de 5 metros.

10.3.- O balón utilizado será o seguinte para cada categoría:

- Categoría alevín: balón de mini water-polo (TURBO 3 ou similar) cunha circunferencia de 560-580 mm e un peso de 300-320 gramos.
- Categorias infantil e feminina: o balón será o de categoría escolar (MIKASA 6009; TURBO 4 ou similar) cunha circunferencia de 650-670 mm e un peso de 400-420 gramos.
- Categorias cadete, xuvenil e absoluta masculina: o balón será MIKASA 6000; TURBO 5 ou similar.

11.- Actas

11.1.- O equipo organizador facilitará ao xurado o acta oficial e os árbitros levantarán acta por triplicado, entregándose un exemplar ao finalizar o partido a cada equipo.

11.2.- Na acta deberán asinar, antes do comezo do partido, o Delegado de Campo e os Capitáns de ambos os equipos. Estas firmas darán fe dos datos que figuran relativos aos xogadores, adestrador e delegado dos seus respectivos equipos (nome, número de licenza, ano de nacemento, etc.), sendo responsables os asinantes de calquera anomalía nos datos que se refiren ao seu equipo.

11.3.- Aínda no caso de incomparecencia de un ou ambos equipos, ou ben se se suspendese o partido por calquera outra causa, deberase estender a acta correspondente, facendo constar no anexo da mesma os

motivos que levan a determinar a suspensión.

11.4.- No caso de ter que elevar un informe por incidente, o árbitro poderá facer constar en INCIDENCIAS, unicamente "SEGUE INFORME", redactando o mesmo nas VINTE E CATRO HORAS seguintes, e remitíndoo ao Comité de Competición, o cal se encargará de pór en coñecemento dos dous equipos o citado informe e solicitar dos mesmos información dos incidentes relatados, se así o estima oportuno.

11.5.- No apartado correspondente da acta deberá facerse constar o número de licenza dos xogadores para a tempada en curso. En todo caso, se xurdise algunha dúbida, o árbitro encargárase de que os xogadores acrediten de forma indubidable a súa personalidade e demais datos. Así mesmo, encargárase de recoller a sinatura do deportista no caso de que este non figure en relación oficial nin teña ficha, na alínea INCIDENCIAS, comprobándose posteriormente a veracidade dos datos.

11.6.- As actas deberán ser confeccionadas respectando a observancia das seguintes normas:

- a) Redactar a acta de forma breve, concisa e lexible.
- b) Apuntar nela todo incidente ou reclamación (ou significar SEGUE INFORME).
- c) Recoller todos os datos necesarios para coñecer o incidente.
- d) Non facer cualificacións do suceso, limitándose a reflectir no acta o feito ocorrido e o resultado das comprobacións, se as houbera.
- e) En caso de insulto a xogadores, árbitros, técnicos, etc., facer constar exactamente o tipo de insulto.
- f) O club deberá facer chegar á FEGAN copia da acta o máis axiña posible, como máximo 48 horas logo de terse celebrado o encontro.

12. Arbitraxes

12.1.- O xurado **mínimo** deberá estar composto por dous árbitros e tres auxiliares de mesa. Para a Liga Absoluta Masculina se poderá convocar a criterio do CGA un xurado mínimo de un árbitro e tres auxiliares de mesa.

12.2.- Os árbitros e auxiliares para os partidos serán nomeados pola FEGAN a través do C.G.A. En todas as competicións territoriais será obrigatorio a dobre arbitraxe, excepto nos casos de forza maior, nos que o partido celebrárase cun só árbitro, sempre e cando este considere que o encontro pode levar a cabo nesas condicións e ámbolos equipos estean de acordo.

12.3.- Os erros técnicos dos árbitros serán resoltos polo COMITÉ GALEGO DE ÁRBITROS, que informará das resolucións adoptadas ao Comité de Competición e ao responsable técnico da FEGAN.

12.4.- Crearase a figura do avaliador de árbitros nos partidos para establecer unha puntuación a estes.

13. Comité de competición

13.1.- Para resolver as incidencias que poidan producirse nas competicións territoriais, actuará o Comité de Competición da FEGAN (xuíz único), o cal se rexerá polo Regulamento de WP da FINA, Regulamento da División de WP da RFEN, Regulamento Xeral da RFEN e Regulamento Xeral e Normativa de WP da FEGAN.

13.2.- Aos efectos da competición, recórdase que as sancións do Comité son de efectos inmediatos.

13.3.- A suspensión aplicarase en calquera partido que se xogue a continuación segundo calendario inicial, debendo cumprirse na categoría en que se produciu a sanción (excepto no caso de sanción grave e cambio de categoría, que deberá cumprir a sanción na súa totalidade, aínda na nova).

13.4.- Para as súas resolucións o Comité de Competición utilizará as actas dos partidos e, no caso de que os houbera, os informes arbitrais.

13.5.- As resolucións adoptadas faranse chegar aos Clubs da forma máis rápida posible, adiantando a comunicación telefonicamente se se estimase oportuno.

13.6.- Coa mesma data a FEGAN enviará ao Comité de Árbitros aquelas sancións pendentes de cumprir, aos

efectos oportunos.

14.- Obrigas dos clubs

14.1.- O club organizador en cada partido, deberá ter preparado o campo de xogo regulamentario, polo menos 30 minutos antes da hora sinalada para o comezo do mesmo. Todos os membros dos equipos deben ir acreditados (ficha ou DNI ou carné de conducir).

14.2.- Deberá dispor de todo o material necesario para o desenvolvemento do encontro, segundo o Regulamento RFEN vixente. Haberá un mínimo de tres balóns para o partido, que serán revisados polo árbitro, así como tres cronómetros para o control dos tempos, campá para avisar o último minuto e as bandeiras regulamentarias de mesa.

14.3.- A FEGAN facilitará aos clubs a acta oficial para a súa entrega ao xurado en cada encontro do que sexan organizadores.

14.4.- O club organizador (e entenderase como club organizador o que figure en primeiro lugar no encontro), debe velar pola seguridade dos membros do xurado, así como dos compoñentes do equipo contrario, etc., sendo obrigatoria pola súa banda a presenza dun Delegado de Campo (ou persoa que asuma as súas funcións). Durante o partido procurarán por todos os medios ao seu alcance, que non se produzan incidentes de ningunha clase, cortándoos na medida das súas posibilidades.

14.5.- Así mesmo o Delegado de Campo deberá protexer ao xurado, así como aos compoñentes do equipo contrario, etc., e debe coidar de que os árbitros poidan efectuar os seus labores sen interferencias estrañas, atendendo en todo ás súas indicacións. O Delegado de Campo situarase a carón da mesa do xurado.

14.6.- O Delegado de Campo coidará de reprimir os insultos. Coidará así mesmo de controlar, dentro das súas posibilidades, a actitude do público. En caso de incidentes, o árbitro deberá facer constar na acta a actuación do Delegado de Campo.

14.7.- Se a actuación do Delegado de Campo non fose correcta, o árbitro presentará informe do mesmo ao Comité de Competición.

14.8.- En caso de incidencias, calquera dos clubs que disputasen o partido, poderán manifestar por escrito as alegacións que estimen oportunas; estas deberanse remitir por escrito á FEGAN até as 14.00 horas do martes seguinte á celebración do partido, non admitíndose as presentadas fóra de devandito prazo. Se un dos equipos observa algunha irregularidade, deberá comunicalo ao árbitro antes de que os xogadores e os equipos abandonen a instalación para que poida ser apuntada na acta.

14.9.- En concepto de gastos de arbitraje (actuación), cando corresponda, os clubs abonarán por anticipado á celebración do encontro, o importe do xurado.

14.10.- Todo o non reflectido neste Regulamento, rexerá polo da División Nacional de Waterpolo da RFEN.

15.- Seguridade

15.1.- Os xogadores absteranse de levar pulseiras, aneis, pendentes ou calquera outro tipo de elemento que poida ocasionar feridas ou lesións a outros compañeiros ou a el mesmo durante o xogo.

15.2.- Antes de cada encontro os xogadores dos dous equipos formarán nun lateral do campo onde serán revisados polos árbitros. Logo da revisión os árbitros situánsense entre os dous equipos e tras saudar ao público darán comezo ao encontro.



A Coruña, 16 outubro 2009

Secretaría Xeral FEGAN

FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN

Impreso de solicitude de aprazamento

CLUB SOLICITANTE:

DATA DE SOLICITUDE:

DATA INICIAL DO ENCONTRO A APRAZAR:

ENCONTRO:

DATA E HORA PROPOSTA:

PISCINA:

Responsable da solicitude:

Licenza nº:

Sinatura e selo do Club solicitante (nos envíos por correo electrónico isto non é necesario)

Responsable polo Club que acepta o cambio:

Licenza nº:

Sinatura e selo do Club que acepta o cambio (nos envíos por correo electrónico isto non é necesario)

As solicitudes presentadas por correo electrónico deberán ser remitidas dende correo oficial do Club. As solicitudes presentadas por fax poderán ser remitidas por ambos clubs de xeito independente. Cada club remitirá unha solicitude cos seus datos, sinatura e selo correspondentes

Os Clubs arriba asinantes acordan o cambio recollido neste impreso A EXPENSAS DE CONFIRMACIÓN POLA FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN da súa aceptación, INCORPORANDO, se procede a taxa correspondente á FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN

MODIFICACIÓN DATA	Ata 15 días antes Entre 15 e 7 días Menos de 7 días	Con conformidade Con conformidade NON SE ADMITE CAMBIO	Sen cota 60 € *
MODIFICACIÓN HORARIO	Ata 15 días antes Entre 15 e 7 días Menos de 7 días	Con conformidade Con conformidade NON SE ADMITE CAMBIO	Sen cota 30 € *

* (Regulamento Xeral – Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c)

Resolución da FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN: